

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº115/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de outubro/ Estado Micolóxico


Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Segunda entrega do traballo de Vicetto. AUNONA. Páx. 1



Parece que as novas rodeiras xa chegaron ao Campamento da Xunta en Pereiró. Páx. 1



Así naceu o Faro de Ons e, quen lle ía dicir, que ía a rematar os seus días, con Fareiros no seu interior, cunha voda. Páx. 2



Bo traballo do grupo de mantemento. Páx. 2



Historia do lume en Ons. Prevención (III). Páx. 3

Rehabilitación da Capela de Canexol. Olla coa Campá. Páx. 4



O sepulcro antropomorfo "Laxe do Crego" nas palabras de Méndez Ferrín no Faro de Vigo no 2018. Páx. 6



Por que Parques quere desfacer a magnífica construción da caseta de información de Ons. Páx. 8



Cando "pecha" a Illa, a enogastronomía segue no continente. Páx. 5



Cocido galego na Illa de Ons. 2 de novembro. Páx. 7



Que nos contará de Ons este libro? Quedamos á espera. Páx. 8

Breves:
O Cámping, o Faro, a Varanda do peirao, Veciños coa súa partida e Avespas incontroladas.

AUNONA (II)

Aquí as follas seguintes do traballo de Benito Vicetto “*Los Reyes Suevos de Galicia*”. Considereino interesante e puxen as dúas primeiras, agora van as dúas seguintes, onde xa aclara algo máis que as anteriores sobre a relación con Ons de, Aunona.

O obxectivo era dalas a coñecer por se era de interese dalgún lingüista. E coido que foi interesante, xa que un excelente profesional contestou co seguinte: “... *polo que leo, fala das aureanas que eran as mulleres que extraían o ouro no río Sil... Non sei como deriva todo o texto, pero estráñame a relación entre as aureanas e a propia Illa de Ons...*”

Aínda que no escrito do lingüista sigue explicando que puido ser algún tipo de erro, é mellor esperar a que lea as seguintes páxinas para ir comentando mellor o texto.

Considero moi importante que persoas, como a que contestou, filólogo, se interesara polo tema.

desafiaron la cólera de Remismundo.

Aunona era una ciudad que se hallaba en las islas Aunios, hoy islas de Ons, en nuestra costa del Oeste, y á la entrada occidental de la ría de Pontevedra.

Aquella ciudad fué el arca santa donde se refugió el cristianismo, perseguido por las aguas diluvianas del arrianismo: la mayor y mejor gente de nuestros condados caláicos, acaudillada por el crucifijo del clero católico, penetró en Aunona, que era una ciudad inespugnable por su situación hidrográfica.

El rey Remismundo levantó tropas y se lanzó contra Aunona.

Era la primera lucha, tras tanto tiempo, en que el suevo se ponía frente á frente del caláico.

El rey Remismundo llegó á Villalonga, y situó su ejército en Simes, Portonovo, Lóres, Dena y San Jenjo, á lo largo de la costa del oceano, como para incomunicar á los caláicos con el continente.

Los aunonenses no se inquietaron por esto: al hacerse fuertes en Aunona, contaban con bastantes armas y ganados.

Pasaron dias y meses, y viendo el rey Remismundo que nada conseguía con hostilizar á Aunona desde la costa, determinó trasbordarse á la ciudad rebelde.

Mandó preparar transportes; pero en aquella época estaba tan atrasada la construccion naval en nuestro país que, sobre tardar mucho tiempo en construir con maderos, no hababan los transportes las condiciones indispensables para soportar temporales, sino para flotar á modo de balsas. (1)

El rey Remismundo dispuso el embarque, y llenaron los transportes la flor de sus caballeros.

Empezara el embarque á la salida del sol, y aun era medio día y no se hallaba concluido: á eso de las tres de la tarde pudieron los transportes mover sus remos; pero andaban tampoco que al anoecer se hallaban entre la costa y la isla Ons, bajo un cielo nebuloso, amenazante.

El desorden era imponente en la

(1). En nuestras marinas se usaban barcas pequeñas, tegidas de mimbres, y cubiertas con cueros de vaca. El rey Maldeas introdujo las naos de madera á vela y remo, pero groseramente contruidas en comparacion de las de hoy.



Pasáronme estas dúas fotos que demostran que as novas rodeiras de Pereiró ao campamento, xa chegaron ao seu destino e están case rematadas.

Agora sería interesante que estudaran a xeito de que nos laterais e no centro, houbera herba, por exemplo un gramón como o *Stenotaphum secundatum* que din é bo para zonas costeiras. Ben, os técnicos dirán.



VODA NO FARO DE ONS

Con enorme alegría recibimos a nova da voda do fillo dun dos últimos fareiros de Ons, Ricardo Carracedo, que se celebrou no mes de setembro. Os contraentes David e Nadia, celebraron o seu enlace civil na parte exterior do Faro de Ons, preparado para o evento e acompañados dun cento de invitados.

Tanto a voda, como o banquete, celebrouse a partir

das 20 h. Sendo a cea no incomparable marco do cámping de Ons. Dende aquí mandamos os nosos parabéns para os contraentes e, en especial, para os seus pais, cos que temos compartido moito tempo de charla na engaiolante Illa de Ons.

Saíu todo perfecto segundo informaron os que alí estiveron.



CÁMPING DA ILLA DE ONS

E xa que estabamos falando do cámping de Ons que-remos tamén darlle os Parabéns á súa xestora pola nova que puidemos ler na prensa onde nos informa que o *Cámping de Ons* será finalista nos premios máis prestixiosos do sector en España. Participa no apartado de “*Mellor cámping en contorna natural*”. A celebración será en Madrid na “V gala dos cámping de España” o 27 de novembro de 2025.

O de Ons foi seleccionado entre os dezaioito mellores entre máis de mil cámping españois. Esperemos que ese galardón recaia sobre el, pois coidamos que o ten ben merecido. Quedamos á espera.



PARABÉNS PARA O GRUPO DE MANTEMENTO E LIMPEZA POLO SEU LABOR EN ONS

Chegado a época estival, dende Parques ou da Consellería, por medio de Tragsa, contratan a un retén de incendios que realiza un magnífico labor de mantemento e limpeza por toda a Illa, á vez de prestar a súa axuda no caso de necesidade. Temos que recoñecer, que o grupo deste ano e que tamén estivo no 2024, están a realizar unha limpeza exhaustiva e ben dirixida, chegando a formar, despois da limpeza, pequenos montóns de leña para que os veciños poidan utilizala para as súas lareiras ou estufas caseiras.

Non tiven a oportunidade de achegarme ata o lugar, pero sería interesante que limparan, no camiño que dende a Fonte do Castelo vai ata o propio Castelo da Rueda xustamente no lugar onde quedan a ruínas, segundo parece, dun antigo muíño, para incorporalo á “*Ruta do Castelo*”, que se atopa un pouco pobre en elementos a visualizar. Á vez, sería interesante aproveitar a estancia dos arqueólogos, para realizar un pequeno estudo sobre esta construción.

A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Historia do lume en Ons. Prevención (III)

Eu teño claro, que os incendios forestais, nos que ardía a illa de punta a chicote, comezaron a partir de 1980. Tamén é certo que durante os veráns de 1980 a 1986, cando se deron os lumes máis graves, non colleron a ningún incendiario/a, ou polo menos, sospeitoso/sa desas queimas, cando Ons é un espazo o suficientemente pequeno, onde todos se coñecen (se falamos de veciños), onde sería doado localizar o lugar de comezo do lume e posibles persoas que neses intreos estaban pola zona,... Tampouco sería difícil evitalos, polo menos, impedir ou prohibir as posibles causas: como queimas no verán, os fogos para cociñar ou as fogueiras nocturnas dos campistas,..., e, que eu saiba, nunca foron chamadas as forzas do orde para buscar posibles incendiarios, preguntar, investigar,..., ou polo menos intentar amedrentar, coa súa presenza e pescuda, aos posibles provocadores deses lumes.

Hai quen pode pensar que os importantes cambios que van xurdir a partir de 1980 en Ons, puideron ser os causantes dalgún tipo de anoxo, rabia,..., medos, supersticións,..., ou outras causas que provocaran o xurdir do lume.

Que cambios xorden que puideran inducir a buscar no lume un xeito de amolar ou buscar unha solución aos posibles conflitos? Imos miralo, de xeito resumido:

- A administración colle o mando na illa, por medio dun Garda Forestal. *Antes, quen exercía ese labor, e o tiña todo bastante controlado, era un veciño auniense, co cargo de Alcalde Pedáneo.*
- Comezan a vir veciños, que no seu momento, por mor da emigración forzosa á que se viron obrigados, querían arranxar as súas vivendas, que deixaran deshabitadas por mor do enorme gasto que supuxo formar unha nova vida en terra. *A administración prohibíbelles o seu arranxo ou rehabilitación.*
- Os campistas pandan ás súas anchas por toda a illa, incluso nas casas deshabitadas. *Non hai unha normativa para o campismo ata 1985*
- As terras, que antes estaban traballadas, agora atópanse a monte, cunha enorme maleza que chega ata as portas da propia casa. *A administración non facilita a limpeza.*
- Cíes convértese en Parque Natural e prohiben o campismo libre. *Ons, ao non ter normativa, atrae a grupos de campistas, dos que poderíamos chamar, non desexados.*
- A maleza achega ata as casas a animais: serpes, lagartos ocelados, ratas,..., ás que, dende sempre lle tiñan moito noxo e medo. *O lume podía ser un xeito de afastalos.*
- Sen chegar a problemas serios, os novos campistas non encaixan ben nunha illa habitada. *A administración nada fai para levar un serio control campista.*
- Comeza unha reivindicación de servizos: luz, auga, saneamento, camiños,... En servizos, a illa estaba igual que nas décadas de 1950 e 1960, cando comezaran o éxodo forzoso. *A administración négallos.*
- Os novos xestores toman cos veciños unha postura ditatorial, cun ordeno e mando. Comeza unha loita, sen ningún tipo de diálogo, onde para a administración o seu “berro” era: **<La isla es nuestra>** e para os veciños: **“A Illa é nosa”**. *A falla de diálogo da administración trouxo moitas problemáticas e provocou graves conflitos.*
- ...

Podería seguir enumerando, pero coido que os mencionados son suficientes e importantes como para ter unha idea de cales puideron ser as posibles causas da aparición dos lumes neses anos. No seguinte número, analizaremos algún dos apuntados.

Fotos: Na esquerda, a maleza que cubría os camiños. Ata chegaba a tapar as máquinas inutilizadas que a administración deixaba ciscadas pola illa adiante.

Na dereita: Un lume na zona de Chan da Pólvora indo cara ao barrio de Caño.



ARRANXO OU REHABILITACIÓN DA CAPELA DE CANEXOL

A capela de Canexol foi construída alí polo ano 1848 polo Marques de Valladares, aínda que hai testemuñas que falan dunha anterior e ata da presenza dun mosteiro.

Para saber máis sobre a Capela de Canexol e do seu cemiterio, estes enlaces de AUNIOS:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/25/21-SantaMaria-Arturo.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/23/20-Arturo.pdf>


A capela, agás os días da festa de San Xaquín, era pouco utilizada. Coa emigración forzosa dos veciños de Ons e coa construción dunha igrexa nova (1966) en Curro, comezou un proceso de abandono e deterioro moi importante que durou ata principios da década de 1990, cando a Asociación veciñal “Illa de Ons” decide arranxala, cousa que consegue grazas ao aporte económico de todos os veciños.

O ano da súa nova inauguración, despois de arranxala, trasládanse as imaxes (a igrexa de Curro estaba en moi mal estado) e o día da Festa da Illa celébrase alí a misa e hai procesión nos seus arredores. Uns anos máis tarde, grazas ás negociacións levadas pola directiva veciñal, a Deputación de Pontevedra arranxa a igrexa de Curro e as imaxes volven de novo a ela, quedando a capela de Canexol sen uso, nin relixioso nin cultural, durante máis de 30 anos. Esta falla de uso e coa meteoroloxía que se dá en Ons, de novo comezou un período de deterioro que provocou o seu estado actual con perigo de derrube do tellado e caída do falso teito.


O veciño máis comprometido coa Illa e o seu patrimonio, **Adrián Ferrer**, e despois de que se prometera, por parte da Xunta, o seu arranxo, e este non se levara a cabo, puxo en coñecemento de Hispania Nostra (Entidade fundada no 1976 e declarada de utilidade pública, cuxa finalidade é a defensa, promoción e posta en valor do patrimonio cultural e natural) e a inclúe na **LISTA ROJA** de patrimonio ameazado, polo seu perigo de derrube.

Á vez a nova Asociación veciñal tamén toma cartas no asunto e na reunión da Mesa por Ons é levada como asunto urxente. A partires desa a Xunta decide o seu arranxo e están prometidos 180.000 € para a súa rehabilitación que comezará, segundo dixerón, antes de finais deste ano 2025.

CUMPRIRÁN A PROMESA?



Capela de Canexol no ano 1965



Estado do interior da Capela no ano 2025

LINO J. PAZOS PÉREZ E A SÚA DONA TOÑI PEDROSA

DONAN UNHA CAMPÁ PARA A CAPELA

No ano 1998, fórmase a Asociación Cultural “PineirÓns”. Ese mesmo ano o seu Vicepresidente Lino Pazos e a Vocal Toñi Pedrosa fan doazón á Directiva da Asociación Veciñal “Illa de Ons” dunha Campá para a Capela de Canexol que levaba máis de 60 anos sen ela.

Sobre está campá poden ler o enlace da revista AUNIOS:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/21/014-Campas.pdf>

Pois ben, enterado Lino Pazos da rehabilitación da Capela, puxo unha nota na páxina de Facebook do Parque Nacional Illas Atlánticas, pedindo información ao respecto e que, no caso de que substitúan esa Campá doada, se poñan en contacto con eles.

Esperamos que non cometan o erro de cambiala



Intre da doazón da campá á Presidenta e Secretario de “Illa de Ons”.

Rematada a tempada de Ons, os que alí nos coñecemos e mantemos unha boa amizade, seguimos coas nosas citas enogastronómicas xa no continente. Agora dimos comezo á Tempada Outonal.



Membros de Pineiróns na papadela da Festa do Marisco

Comezamos, como non podía ser doutra maneira, pola Festa do Marisco do Grove. Démonos unha boa homenaxe a base de excelentes nécoras e non menos extraordinarios camaróns. Continuando con outras viandas das nosas rías.



Outono micolóxico. Magnífico exemplar de Boletus atopado polos amigos Juan Castiñeiras e Suso Maquieira que serviría para degustación nos incomparables marcos do Quinteiro de Temperán, en San Vicente de O Grove, ou na bodega de Juan Castiñeiras en Poio, acompañando a outras viandas de época como castañas e noces, e catando os magníficos caldos novos de tinto.



No Quinteiro de Temperán saboreamos unha exquisita empanada e unhas fabas con Boletus edulis, Erithropus, Russula cyanoxhanta entre outras, que cociñou Juan Castiñeiras. Tamén probamos unha delicatessen de salmón e bacallau afumado, traídos de Islandia por Maqui; e rematamos cuns mexillóns e un cordeiro exquisito cociñado por Roberto, cociñeiro do Quinteiro Temperán. Todo regado cun magnífico tinto vello.



Cociña e lareira do Quinteiro de Temperán.



E outro día de delicatessen con salmón e bacallau afumado, guindillas de Terra de Montes e queixo de Idiazabal. Rematando logo con polbo a feira e cunha caldeirada de polbo de Ons. Todo regado cun tinto novo da bodega de Juan Castiñeiras “Mexo de Vella”. Desta contamos co cociñeiro Antonio (Terra de Montes) e con Manolo Cajado.



Aquí traio un magnífico artigo de X.L. Méndez Ferrín escrito no 2018, que trata, entre outros temas, sobre o sepulcro antropomorfo “Laxe do Crego” situado nunha rocha-illa a carón da praia de Area dos Cans, na Illa de Ons.

NOTA: Podemos ver unha magnífica reprodución deste sartego xunto coa tapa orixinal, no Centro de Visitantes de Ons, na sala dedicada a Arqueoloxía.

NO FONDO DOS
ESPELLOS
X.L. MÉNDEZ FERRÍN



De anacoretas marítimos

Tratamos, tempo atrás, de santos varóns, e porventura tamén femias, que en Galicia se retiraron a illas de debrocas costeiras para faceren vida penitente. Imos agora insistir nesa materia histórica tendo sempre en conta que as orixes do cristianismo galego son máis ben misteriosas.

Conta a lenda áurea que un San Clemenzo, Papa, foi morto por Traxano. O emperador mandou fondear o santo no Mar Negro, cunha áncora de ferro atada no pescozo. Unha colla de anxos construíulle a Clemenzo no fondo mariño un mausoleo de mármore moi belo. Cada tal tempo, retiranse as augas e a xente de ben admira o sepulcro e pídelle a Clemenzo mercedes. Pois ben, eiquí na illa de Ons existe un sartego apropiado que as marés solagan e descubren.

Diu con el Álvaro das Casas e fixolle Xurxo Lorenzo debuxo arqueolóxico preciso. Pon Das Casas, en Nós: “Percibín un sartego antropeoide de perto de dous metros de longo a uns cincuenta metros da costa polo Leste e a uns douscentos do desembarcadeiro; e nun lugar que din *Laxe do Crego* (...) A tradición di que a terra adiantaba aínda ben máis da laxe, e que neste lugar había un fermoso mosteiro que se esborallou cando “os franceses”. Así Álvaro das Casas ouviu o conto nos anos 30 do século XX. Non demasiado lonxe da Laxe do Crego, na freguesía marinense de Ardán, áchase a Illa do Santo, con restos dunha ermida. Na Idade Media foi chamada, esta illa e ermida, San Clemenzo do Mar, cantada polo trobador Nuno de Terez. Serán a Laxe do Crego e a Illa do Santo restos dun culto, practicado por eremitas, ao San Clemenzo que Traxano mandou afogar en Crínea segundo narra a estória piedosa?

Se imos á *Historia Natural* de Plinio (23-79 d.X.) vemos alí enxuradas



Sartego da Laxe do Crego, en Ons. Á dereita, a losa que o cubría.

autoridade eclesiástica e conducido ao monacato colectivo e disciplinado. San Froitoso ou Fructuoso de Montelios ou de Braga, antigo asceta solitario, foi quen puxo a eremitaxe galega en orde e concerto e estableceu as bases do universo cenobítico de Galicia.

En Galicia hubo santos/as isolados nos montes do Bierzo, nas Ribas do Miño e do Sil, en Rocas, noutros lugares, que vivían coma os seus conxéneros de Siria ou da Tebaida de Exipto. Mesmo Rosendo quixo evalocalos sentimentalmente cando fundou Celanova ao pé do Monte Leboeiro.

A singularidade dos anacoretas galegos reside en que eles tamén procuraron as soedades ascéticas nos rochedos mariños. Practicaron o eremitaxe en illas daquela inhóspita, coma a de San Simón, a do Santo de Ardán, as Cies, Tambo, a Coelleira do Vicedo, nas ribeiras da Mourisca de Beluso, no San Mamede do Mar que cantou Johan de Cangas. Algúns destes sitios evoluiron a romarías populares centradas nun santo, e brillan hoxe nos Cancioneiros. Outros transformáronse en cenobios e terminaron por integrarse nos grandes mosteiros medievais –e tal foi o caso de Cies, por caso. A San Mamede do Mar,

concello de Bueu, podemos aínda hoxe acudir en romaría tendo a praia de Bon aos nosos pés. Hoxe o pobo reférese a ese santo como Sanamedio: aí o está á espera de nós.

Entre o século V e o XIX, o mar encheu e devolou tantas veces que o pensalo alouléanos. Moitas veces a maré cubriu e descubriu a Laxe do Crego da Illa de Ons. Neste longo tempo, a Tebaida galega desapareceu e deu paso aos mosteiros. Estes non pararon de engordar en riqueza e en poderío político. No transcurso de quince séculos o monacato galego medrou sen límite. Chegado a un punto crítico, a burguesía liberou as rendas e exclaustrou aos fredes e monxes que tiñan como antiquísimos ascendentes os eremitas das covas e illas desamparadas de Galicia. Mendizábal e o doutor Madoz expropiaron e secularizaron para sempre, en Galicia e en España, aquilo monopolio insufríbel.

Desexamos vivamente que as autoridades do Parque Nacional das Illas Atlánticas inclúan no seu discurso didáctico a memoria dos eremitas galegos que nelas viviron e apodreceron.

Dedicamos este sinxela memoria, extraída do Fondo dos Nossos Espellos, aos que integran a Asociación Cultural Piñeiróns e editan a revista *Aunios*. Co pensamento posto en Álvaro das Casas e nos mocedades Ulleira que a bordo do pailebotemanuelantoniano. Joaquín Pérez fixeron unha xeira de estudos e lecer a Illa de Ons o ano 1932. E alí foi descuberta a Laxe do Crego que une Ons con Crínea.



No anterior Onstopus nº 114, na súa páxina 7 poñía unha foto que titulaba como: “A última partida do verán”, realizada o 23 de setembro. Pero o bo tempo fixo que os barcos a Ons continuaran e así foi que o pasado 11 de outubro, sábado, varios veciños de Ons xogaron a que, agora si, pode ser a última partida deste verán. Na foto, comezando pola esquerda: Pepe de Checho, Quico, Maqui, Pepe de Pepucho e Pepe de Miro.



Na foto da esquerda vemos a operarios retirando a varanda de seguridade do peirao a principios deste mes de outubro.

Na foto da dereita, igual que en anos anteriores, como, supoño, quedará durante o inverno, Unha vestimenta especial do peirao para evitar o deterioro ou rotura da varanda, debido aos temporais que durante a etapa invernal sacódeno, recibindo importantes golpes de mar e chegando a cubrilo por completo.



Provisión de material nos campos de atrás das casas oficiais de Curro. Esperemos que non queden así durante todo o outono e inverno e se leven a cabo as obras prometidas que xa van para case tres anos de retrasos.

Dende Parques din que ían a dar remate ao incompreensible arranxo do camiño principal do barrio de Curro, comezar unha nova pasarela a Area dos Cans e rehabilitar a Capela de Canexol.

Cumprirán o que prometen!!!

PARQUE NACIONAL ACTIVO

Desestacionalizar é a palabra clave para coñecer as illas do Parque noutras estacións do ano.

O Grupo Acuña participa nesa tarefa, ofertando unha visita guiada pola Illa no outono e, paralelamente, unha parte gastronómica cun Cocido Galego, que oferta sempre nesta época, antes ou despois do Nadal e no Entroido.

Botamos de menos unha máis directa colaboración entre as navieiras, restaurantes e Parques, para organizar xornadas especializadas (arqueolóxicas, micolóxicas, ornitolóxicas,...) fora da tempada estival. En que sentido o digo, pois para ir a Ons necesítase contactar cunha das navieiras existentes, os restaurantes poderían ofertar un menú e resgardar aos asistentes no caso de choiva ou frío. Sería necesario que Parques contase con persoal de mantemento no inverno, co fin de poder abrir as latrinas e o Centro de Visitantes e logo realizar a limpeza,...

Así funcionaría perfectamente a desestacionalización con actividades organizadas e especializadas para esas épocas.

COCIDO GALLEGO
EN LA ISLA DE ONS
DOMINGO 2 NOVIEMBRE

SALIDA BUEU 10:30H
REGRESO 17:30H

INCLUDE VIAJE EN BARCO,
RUTA GUIADA + MENÚ CON
SOPA, COCIDO GALLEGO,
BEBIDA, POSTRE Y CAFÉ

45€ ADULTOS
20€ NIÑOS

PIRATAS DE **NAVIA**
PIRATASDENAVIA.COM | 986 32 00 48

La viguesa Goretti Irisarri recrea la isla de Ons del siglo XIX en un «thriller» romántico

En «La voz del viento», Creceña, una huérfana criada sola junto al Buraco do Inferno, llega en 1886 a Madrid a conocer a su marido pero la atrapa un tornado

E. V. PITA
VIGO / LA VOZ

«Los extensos páramos de Ons atardecen cubiertos de niebla. Se recorta sobre ellos la silueta en granito; la capilla había sido costeadada décadas atrás por el matrimonio de marqueses dueños de la isla. Repica el último aviso de la campana y alguien abre la cancela del cementerio que rodea la iglesia. Es el hijo del cura». Estas líneas forman parte de la novela La voz del viento (Grijalbo), escrita por la viguesa Goretti Irisarri y Jose Gil Romero, y que se publicó el jueves, día 16. La trama está ambientada en la isla de Ons, Madrid y Fuerteventura, y se desarrolla en el último tercio del siglo XIX. Los autores recrean la isla gallega con muchos detalles históricos como la capilla, el cementerio, el muelle o la factoría de salazón. El lector echa de menos el faro, al que no mencionan. Lo justifican así: «Estaba en construcción».

Irisarri y Gil se documentaron con la Revista Aunios, que les

mostró las «peculiaridades antropológicas» de la isla, pero no visitaron Ons: «Nos dio miedo que el verdadero entorno se entrometiera en la historia».

«Los años de 1860 a 1880, para la isla de Ons fueron un período fructífero porque había una factoría de salazón de pescado. La sardina trajo bonanza y mucho tráfico. Era una población muy rural que se dedicaba a la pesca y que, con la factoría, vivió unos buenos años pero es un lugar perdido del mundo, vimos las fotos de las barcas llevando ataudes, nos pareció una imagen muy potente», relata Goretti Irisarri.

La viguesa Goretti Irisarri y el canario Jose Gil Romero, que forman un tándem creativo, eligieron Ons porque buscaban un lugar aislado como escenario que reflejase la soledad y el aislamiento de la protagonista, una niña gallega que vivía con su arisco tío en una casa cercana al Buraco do Inferno. «Es como una película de catástrofes, como El coloso en llamas, pero con una historia de amor», dice

Gil Romero, que escribe a cuatro manos con Irisarri.

No es la primera vez que las Rías Baixas aparecen como escenario de sus thrillers. El enjambre (Harper Collins, 2023) está ambientado en el Vigo de postguerra y en pleno auge de los submarinos nazis en la ría. Mencionan al periodista Álvaro Cunqueiro.

En La voz del viento apuestan nuevamente por una obra de suspense en las costas de la provincia de Pontevedra y narrada con continuos saltos en el tiempo. Suavizan el género porque combinan misterio, trama romántica y catástrofe natural. «La protagonista se crio en Ons y salió hacia Madrid con su propio tornado interior dentro», explica Goretti Irisarri, coautora de La traidora (Harper Collins, 2021).

La protagonista de La voz del viento, la huérfana Creceña, vivió en Ons entre los años 1860 y

1886. «Buscábamos un entorno muy romántico y Galicia para la gente lo cumple. El tiempo y el viento anticipan el climax de la novela», explica Irisarri.

El huracán tío acogió a su única sobrina porque el padre murió ahogado. Vivían cerca del Buraco do Inferno, que los autores describen como «una grieta natural practicada en la roca y que cae en forma de pozo hasta perderse en un abismo. Dentro resuena el viento de cuando en cuando, igual que si gimiera». Cerca había un molino de viento, que incluyeron como un guiño a El Quijote y a la locura. «Ella se crio prácticamente sola, sin contacto con nadie», dice Irisarri.

«Yo soy canario, sé lo que es una isla y Ons es muy aislado, cerrado al mundo, para mí era la atmósfera perfecta para la novela. No quisimos recrear la Ons real sino transmitir esa sensación

de soledad», afirma Gil Romero.

Para salir de su marginación, amargada e incomprendida y con una personalidad que no encaja, y ya «solterona», Creceña, acepta casarse por poderes a los 34 años con su primo, un terrateniente de Castilla-La Mancha.

Dado que en aquella época la gente humilde apenas sabía leer y escribir, los autores cuidaron al detalle las cartas que la protagonista envía a su futuro marido: «Te imaginas a una señorita del siglo XIX pero escribiendo con faltas de ortografía. Es para reflejar que se formó a sí misma».

La boda se celebra en la sacristía de la iglesia de Ons. Luego, ya casada, viaja a Madrid para conocer a su esposo pero, justo cuando llega a la Estación Norte, el 12 de mayo de 1886, queda atrapada por un tornado que barrió la capital. Por suerte, el capataz de su esposo está para ayudarla.



Los autores, Goretti Irisarri y Jose Gil Romero, con su nueva novela La Voz del Viento. NOELIA BERLANGA

JOSE GIL ROMERO
GORETTI IRISARRI

La VOZ del VIENTO



O domingo 19 de outubro pasáronme esta nota de prensa sobre o libro “La voz del viento”, onde comentan que se recrea na illa de Ons do século XIX.

Sen embargo lendo a sinopse do libro en internet, no nomea a Ons para nada, cousa que nos pareceu extraño.

Así a describen en: <https://www.casadellibro.com/libro-la-voz-del-viento>

“UNA CIUDAD DEVASTADA. DOS CORAZONES ROTOS. UN AMOR INESPERADO EN LA NOCHE MÁS OSCURA. 1886. Lucrecia va de camino a cumplir su sueño: abandonar su pequeña aldea natal, en Galicia, donde todos la consideran una solterona acabada. Se ha casado por poderes con su primo, a quien apenas conoce.

En la estación de Madrid la recoge Enrique, el capataz de su marido y el encargado de conducirla hasta su nuevo hogar. Sin embargo, durante el trayecto, un terrible tornado atraviesa la ciudad y lo destruye todo a su paso.

Enrique y Lucrecia deben embarcarse en una odisea para tratar de sobrevivir a la catástrofe. Mientras cruzan Madrid de sur a norte y comparten secretos de un pasado que los atenaza, sentirán nacer un amor tan arrollador como el tornado que los persigue”.

Habrá que esperar á súa lectura para comentar con máis rigor.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Caseta de información de Ons

Chegou esta suxestión que poño sen aínda cerciorarme dela.

“... e disque tamén van tirar a caseta de información que hai na Praia das Dornas e poñer unha de madeira. Eu non entendo nada, Parques mandou quitar o chiringuito de madeira que había en Area dos Cans e eles montan casetas de madeira para baños, cruz roja e agora, tirar unha obra ben feita, para poñer unha caseta de madeira. Estes políticos fan e desfán e ningún di nada e aínda por riba, os volverán a votar.”

Xa o dis ti todo, de todos os xeitos intentarei pescudar algo sobre o tema e logo comentarei noutro Onstopus.

UN MUNDO DE AVISPAS NUNHA CASA DE ONS

Cantas veces vímonos acurralados, comezamos a bracear, berrar como tolos,..., ou botar a correr, só porque unha avespas, unha abella, unha velutina; unha soa, se nos achega ou está a voar ao noso carón?

Pois imaxínense estar na túa casa, e xusto por debaixo da túa cama, comezan a saír unha enorme cantidade de avespas, que se pousa no edredón e que están como pegadas pola parede, ou voando.

Que facer? Dende logo, moita calma, porque se un enxame decide ir por ti, date por amolado e pode chegar a ser ata mortal. E, non digamos, se no lugar onde vives, os medios de axuda van a ter moitas dificultades para achegarse axiña.

Pois ben, nunha vivenda da Illa, onde vive un matrimonio auniense todo o ano (*Familia Pepe de Miro*), comezaron a aparecer pola casa, xa dende finais do verán, avespas.

Supoñen que, cando arraxaron o tellado, é de imaxinar que selaron o lugar ou oco por onde entraban, e quedaron atrapadas na cámara de aire, chegándose a xuntar un mundo delas. Como fose, ao principio desta pasada semana, pensan que atoparon outro lugar de entrada, ou saída, e comezaron a furar e saír polo falso teito, o pladur, polas caixas da persiana,..., din que ata furaron a escaiola, e aparecían por toda a vivenda en cantidades enormes.

Avisaron a Parques pero, comentan, que non lle deron solucións axeitadas ou especializadas, só que pecharan todo.

Parece ser que, cando marcharon a terra, xa morreran un bo número delas, pero teñen medo de que haxa máis e que podan sufrir algún tipo de picadura, aparte de querer seguir habitando a súa vivenda con tranquilidade. Pepe está a tratamento por unha complexa doenza, e unha picadura pode afectarlle gravemente.

ÚLTIMA HORA!!!



A medida que ían morrendo ían varrendoas do chan.



Na de esquerda vemos como furaron a escaiola para saír, mesmo debaixo da cama.
Á dereita no chan, a medida que ían morrendo.

Dentro do Parque Nacional, parece que hai unha normativa con respecto ás abellas. Nel din que chames aos vixilantes do Parque. Eles avisaran a un garda ambiental, tamén a un apicultor colaborador da Xunta e que sen custo ningún mirará o que se debe facer...

Comentaron que avisaron a Parques, pero que a resposta foi: pechar a casa. Pero, a día de hoxe, luns 27 están á espera de que lles dean unha solución.

Que pasa, como son avespas (que poden ser un perigo para os habitantes de vivenda), non se toman medidas por parte da Xunta? Esa é a axuda que os políticos da Xunta dan á poboación que vive nun Parque Nacional? ...

Importantes fallos no Parque Nacional con respecto a Información e Educación Ambiental, e xa non digamos, á hora de buscar solucións cando algún problema grave aparece.

Este Parque ten unha Illa que está habitada e iso hai que telo en conta á hora de xestionalo.

Este é un caso puntual, pero pode volver a xurdir, e é necesario que dende a **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**, se busquen solucións `para arranxalo (antes de que ocorra algo grave), informen aos veciños, lles digan como hai que actuar e o que non se debe facer, a quen hai que chamar,..., e sobre todo **SOLUCIONAR O PROBLEMA**.

Para prohibir e denunciar, actúan axiña, para buscar solucións a graves problemas, como se non existisen.



FARO de ONS



Parece que estou agochado,
pero non, permanexo axexando.
Esperando se se achega
algún dos meus prebostes
e escoitalles que deciden
sobre o meu futuro e, á vez,
estou inquedo por saber,
que homenaxe me farán para o ano.
Espero me engalanen
para tal conmemoración.
100 anos, non se cumpren todos os días.